

Concurso IGSS
Grupo de Traballo Acción Social

21/11/2023
23/11/2023

CONCURSO IGSS

O pasado martes 21 tivemos unha xuntanza na Intervención Xeral, para a presentación das Bases do concurso específico de niveis 22 e superiores que teñen pensado convocar nestes días. Como acabmos de dicir, unha presentación das bases, non unha negociación en si, a pesares de manifestar diferentes discrepancias con algunhas das cuestións recollidas nas bases, non foi posible mudar nin unha coma...

Salientar que a Intervención comunicounos a súa intención de chegar máis pronto que tarde a conseguir o tan desexado Concurso Aberto e Permanente, algo que nos parece moi ben xa que é algo que vimos pedindo dende hai moito tempo.

SEGUIMOS COA DES – ACCIÓN SOCIAL 2024 ou o enésimo día da MARMOTA

O xoves 23 de novembro houbo unha xuntanza cos responsables das Entidades Xestoras e Servizos comúns da Seguridade Social para explicarnos os datos da acción social 2023 (período de atención 2022), e presentarnos a Circular 2024 que atende os gastos sufridos no 2023. E como ven sendo habitual nos derradeiros anos, tarde, mal e nunca..., de feito, a documentación correspondente a xuntanza foinos remitida por correo electrónico no mesmo momento da xuntanza.

E como tamén vendo sendo xa unha costume da Administración, lonxe quedan xa aqueles tempos nos que ao longo do ano tíñanse diversas xuntanzas (a pesares de terse comprometido a elo), para analizar, discutir, modificar, en fin adaptar a Circular da Acción Social a situación do momento. Desgraciadamente para os persoal da Seguridade Social, dende hai xa demasiados anos en que a Administración detraeu unha parte importante do orzamento, convertendo deste xeito o Plan nunha esmola que non cubre, nin de lonxe, as necesidades do conxunto dos traballadores e traballadoras. Dende a **CIG**, volvemos a amosar o noso malestar con este xeito de proceder, e a falta de cumprimento dos acordos acadados.

Finalmente, cara ao vindeiro ano manterase a mesma Circular, coas únicas modificacións de datas, inclusión de xubilación parcial e algunha aclaración . O prazo de presentación estenderase dende o 8 de xaneiro ata o 9 de febreiro.

E volvemos de novo ao punto de partida, como si estiveramos atrapados no tempo (Día da Marmota). Unha vez mais, e despois das presións da parte social ao completo, recoñecen que efectivamente fai-se necesaria unha actualización, e que para o vindeiro ano (na segunda quincena de febreiro) convocarán este grupo de traballo con ese fin (se non xurde nada que o impida), en fin, desculpas de malos pagadores...

Polo tanto, dende a **CIG** non puidemos mais que NEGARNOS A DAR O APOIO a esta nova edición ESMOLA-SOCIAL.

CONCLUSIÓN, dicir que o vindeiro ano estará de novo vixente a circular da Acción Social 20**, e que unha vez mais conta co único beneplácito da UGT.

SEGUIREMOS INFORMANDO...